

## ACTA DA SESIÓN Nº 1 DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DO CAMIÑO DE ACCESO AOS LUGARES DA PENA E CARBALLÁS DESDE PENEDO RENDAL (STA EULALIA). PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019

LUGAR: casa do concello  
DATA: 13/09/2018  
HORA DE COMEZO: 09:04  
HORA DE REMATE: 09:50

### ASISTENTES:

Presidente:

– Don Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis

Vogais:

– Dona Rosa María Buján Ordóñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis

– Dona Olivia Souto Freiria, arquitecta técnica

– Dona Marta María Roca Souto, auxiliar administrativa

Secretaria:

– Dona Mónica Gesto Nieto, administrativa

### DELIBERACIÓN E ACORDOS

#### Apertura dos sobres B (“Referencias técnicas e outras declaracións”) e cualificación da documentación administrativa contida no mesmo

Segundo a información subministrada pola Plataforma de Contratación do Sector Público presentaron as súas ofertas 5 licitadores, todos eles en prazo, polo que, pola secretaria da Mesa procédese ao descifrado e posterior apertura dos sobres B (“Referencias técnicas e outras declaracións”) achegados polos distintos licitadores.

Cualifícase a documentación administrativa contida nos anteditos sobres resultando toda ela correcta, de xeito que a Mesa, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA** admitir á licitación ás seguintes empresas:

- CANARGA, S.L
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.
- COSMALCA S L
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
- HORDESCON, SL

Logo de cualificar a documentación administrativa ábrese os arquivos electrónicos que conteñen os planes de traballo dos distintos licitadores.

O arquivo electrónico achegado pola empresa Hordescon, SL como plan de traballo contén a proposición económica e demais referencias valorables automaticamente formuladas conforme ao modelo que figura como anexo II bis do prego de cláusulas administrativas.

A Mesa, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

1. Excluir ao procedemento de licitación á empresa Hordescon, SL, por incluír no sobre B ("Referencias técnicas e outras declaracións", criterios non avaliados de forma automática) a oferta económica e as referencias valorables automaticamente, documentación que, segundo o disposto na cláusula 12.B do prego de cláusulas administrativas particulares, debería incluírse no sobre C.
2. Encomendar a arquitecta técnica municipal, Olivia Souto Freiría, a elaboración do informe de valoración da documentación técnica, consistente no plan de traballo, presentada polos licitadores admitidos á licitación.

Sen mais asuntos que tratar o presidente levanta a sesión e a secretaria da Mesa redacta esta acta que asinan electronicamente todos os integrantes da mesma.